



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

Participolle que, con data 22.05.2017, a Sra. Alcaldesa dictou o seguinte decreto:

"DECRETO

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF) e de conformidade co disposto no artigo 78.2 do ROF polo presente veño en convocar sesión ordinaria que se celebrará no Salón de Plenos o vindeiro día **25 de maio, ás 21:00 horas** e no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para debatir os asuntos relacionados no seguinte:

I PARTE RESOLUTIVA

- 1º.- Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de outubro de 2017.
- 2º.- Aprobación, se procede, do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Cambados
- 3º.- Bonificación se procede do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras da obra de Ampliación do IES Francisco Asorey.

II PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

- 4º.- Acordo de Goberno por unha tributación xusta nos impostos da Xunta de Galicia.
- 5º.- Acordo de Goberno para reclamar á Consellería de Sanidade que se mellore o servizo de cociña e cafetería do Hospital do Salnés.
- 6º.- Acordo de goberno para demandar a creación dun órgano de control, seguimento e avaliación das reclamacións presentadas ao amparo do R.D.L. 1/2017.
- 7º.- Dar conta das resolucións da alcaldía
- 8º.- Rogos e preguntas

Da presente convocatoria, da acta e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos.

En Cambados, a 22 de maio de 2017

O Secretario Xeral

Asdo: Francisco Loupiña Lodeiro

